

AVALIACIÓN DA IMPARTICIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Elixe a resposta que recolla o teu criterio: é anónimo e podes contribuir a mellorar as clases.

A. Comunicación profesor - alumn@.

» *O profesor transmite a información necesaria para que mellore o alumnado: cales son os erros cometidos nos exercicios ou probas, que contidos son os máis importantes, etc?*

4. sempre 3. ás veces 2. case nunca 1. nunca

» *Hai claridade nas explicacións?*

4. moita claridade 3. suficiente claridade 2. pouca, é complicado 1. ningunha, é confuso

» *A presentación escrita da materia (libro, fotocopias, encerado) é:*

4. práctica e comprensible 3. intelixíbel 2. con lagoas explicativas 1. trapalleira

» *Cres que o profesor trae ben preparadas as explicacións e as actividades para a clase?*

4. sempre moi ben preparadas 3. normalmente ben 2. só ás veces 1. case nunca

» *Mantense o interese do alumnado?*

4. durante a maior parte do tempo 3. boa parte do tempo 2. pouco 1. nada

B. Empatía do profesor (interese polo alumnado).

» *Escoita as inquedanzas, preocupacións, suxestións ou críticas do alumnado?*

4. si, con interese 3. pse, con escasa vontade 2. só con despeito 1. non as escoita

» *Atende as dúbidas, dificultades ou calquera cuestión pertinente do alumnado, orientando axeitadamente?*

4. sen excepcións 3. a maior parte das veces 2. cando quere 1. case nunca

» *É autoritario (impón as cousas)?*

4. non, pero faise respectar 3. un pouco autoritario 2. demasiado brando 1. moi

autoritario

» *Mantén co alumnado unha postura:* 4. próxima 3. neutra e correcta 2. distante 1.

desprezadora

» *Estima e trata a todos e todas por igual?*

4. si 3. sen grandes diferencias 2. non, segundo lle cadre 1. ten favoritos

» *Ten sentido do humor (humor respectuoso)?* 4. moito 3. bastante 2. moi pouco 1. ningún

C. Método empregado.

» *Estás satisfeito/a co sistema de traballo que se segue?* 4. moito 3. bastante 2. pouco 1. nada

» *Esíxesevos moito?* 4. bastante, o normal 3. demasiado 2. pouco 1. case nada

» *Estimúlasevos para o traballo?* 4. moito e ben 3. bastante 2. por veces 1. moi pouco

» *Este trimestre/curso aumentou o teu interese por esta materia?*

4. moito 3. un pouco 2. practicamente nada 1. en absoluto

» *As actividades realizadas resultáronche interesantes?*

4. moi interesantes 3. bastante interesantes 2. algo ou un pouco 1. moi pouco ou nada

» *Que che parecen os materiais empregados (libro de texto, fotocopias, lecturas, recortes...)?*

4. proveitosos 3. simplemente asequíbeis 2. difíciles ou desagradábeis 1. aburridos ou feos

» *As probas, exames e avaliacións serven para mellorar a aprendizaxe?* 4. moito 3. bastante 2. algo 1. nada

» *Foméntase a participación e a creatividade na aula?* 4. moito 3. bastante 2. algo 1. nada